



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica

Referencia: MA100 / 2026

Expediente convocatoria: 2025000034990

RESOLUCIÓN POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A CONCELLOS PARA LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS NO 2026 (MA100 / 2026)

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

Por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: "A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente".

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do "PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A CONCELLOS PARA LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS NO 2026", e vistos os informes do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras do "PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A CONCELLOS PARA LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS NO 2026", que ven motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2026 coa suficiente antelación.

Segundo. Aprobar as Bases reguladoras do "PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A CONCELLOS PARA LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS NO 2026", que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Terceiro. Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cuarto. Aprobar a convocatoria do PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A CONCELLOS PARA LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS NO 2026, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciárase ás 08:00 horas do día 21 de outubro de 2025, e finalizará ás 14:00 horas do día 21 de novembro de 2025, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Quinto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urxente.

Sexto. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO - BASES REGULADORAS

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS PARA LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS DESTINADO A CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA – ANO 2026

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica
Sección	Sección de Desenvolvemento Territorial, Coop. e Medio Ambiente
Anualidade	2026
Denominación	Programa de subvencións para limpeza de praias destinado a concellos da provincia da Coruña
Beneficiarios	Concellos da provincia da Coruña con praias marítimas
Programa	MA100
Aplicación orzamentaria	0520/17222/46201
Importe da convocatoria	900.000,00 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de gastos	Sen límite
Importe da subvención que se vai conceder	Mínimo: 6.768,00 € Máximo: 33.840,00 €
Importe solicitado	Ata o 100% do orzamento de gastos subvencionable
Coeficiente de financiamento	1,00
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

Exposición de motivos

A asistencia e cooperación cos concellos constitúe un eixo estratéxico da actuación da Deputación. Dende o Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, o organismo provincial traballa para impulsar medidas de xestión que favorezan aos municipios, especialmente no caso de aqueles con máis dificultades para prestar os servizos que demanda a cidadanía.

A Deputación asume, como finalidade institucional básica, ser o soporte da asistencia e cooperación cos concellos de cara a garantir a prestación integral dos servizos públicos de proximidade que tan decisivamente determinan a calidade de vida dos cidadáns.

Na Constitución Española, no seu artigo 45, fai referencia á protección do medio ambiente e encomenda aos poderes públicos velar pola utilización racional de todos os recursos naturais co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.

As praias forman parte do patrimonio natural e son un dos maiores atractivos turísticos sobre todo nos meses estivais. Son un valioso recurso de importancia ambiental e tamén desde o punto de vista económico e social.

A calidade ambiental das mesmas depende, entre outros factores, da calidade da area e das augas, así como do bo estado de conservación da súa biodiversidade.

As labores de limpeza e mantemento polas entidades locais son medidas esenciais para ofrecer uns espazos en boas condicións hixiénico-sanitarias para as persoas usuarias e para o mantemento e conservación dos recursos naturais, biodiversidade e valores paisaxísticos.

Por elo, a Deputación da Coruña, no desenvolvemento das súas competencias en materia ambiental e ante o actual contexto de emerxencia climática, dá continuidade a esta liña de axudas de apoio aos concellos da provincia da Coruña no sostemento dos gastos de contratación dirixidos á limpeza das súas praias marítimas, co obxectivo de contribuír á conservación e mantemento do patrimonio natural e medio ambiente da provincia así como mellorar a calidade de vida dos seus habitantes baixo criterios de equilibrio territorial e de desenvolvemento sostible.

BASES

Base 1. Réxime xurídico

Lei 22/1988, do 28 de xullo de Costas.

A presente subvención está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación 2025-2027 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 27 de setembro do 2024 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan, en particular ao Obxectivo Estratéxico 5: "Impulsar e apoiar accións de protección e coidado do medio ambiente, a biodiversidade, a loita contra o cambio climático e o crecemento sustentable", e ao seus obxectivos operativos O.19 (contribuír a reforzar e complementar os servizos de emprego e desenvolvemento local municipais), O.21 (impulsar e apoiar accións de protección e coidado do medio ambiente, a biodiversidade e a loita contra o cambio climático) e O.26 (desenvolver programas que procuren a recuperación do patrimonio natural e paisaxístico e a conservación dos recursos naturais) apoiar a prestación de servizos culturais e formativos a nivel local).

Base 2. Obxecto e finalidade

O obxecto deste programa é apoiar aos concellos da provincia da Coruña no sostemento dos gastos de contratación dirixidos á limpeza de súas praias marítimas durante a tempada de verán que se leven a cabo dentro do período comprendido entre o 1 de abril e o 31 de outubro do 2026. Non poderán imputarse ao programa gastos realizados con posterioridade.

Base 3. Solicitantes

Estas axudas van dirixidas aos concellos da provincia da Coruña que posúan praias marítimas.

Base 4. Gastos subvencionables

4.1 Gastos subvencionables

Terán a consideración de gastos subvencionables dentro desta liña, aqueles gastos que resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento da actividade subvencionada e que se atopen dentro dos seguintes códigos de concepto de gasto:

CONTA	DESCRIPCIÓN DA CONTA
600	Compras de bens destinados á actividade (material funxible: vestiario, produtos de limpeza, combustible, etc...)
607	Traballos realizados por outras empresas
621	Alugueiros e canons
622	Reparacións e conservación
640	Soldos e salarios
642	Seguridade Social

Neste programa, subvencionaranse:

Os postos de traballo que estean desempeñados por persoal funcionario ou laboral fixo ou temporal con relacións de emprego que se axusten á lexislación vixente.

4.2 Período subvencionable

As actividades obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido entre o 1 de abril de 2026 e o 31 de outubro de 2026, polo que non poderán imputarse ao programa gastos realizados con posterioridade.

Base 5. Compatibilidades e exclusións

5.1 Compatibilidades

As subvencións deste programa son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

5.2 Exclusións

Non serán obxecto de subvención neste programa as seguintes actividades:

- As actividades xa subvencionadas pola Deputación da Coruña no mesmo exercicio. Non se poderá financiar o mesmo obxecto cunha subvención de concorrencia e outra nominativa, por seren incompatibles; neste caso a entidade beneficiaria tería necesariamente que renunciar a unha delas.
- Os gastos que non se correspondan coa contratación do persoal, adquisición de material funxible necesario para a súa adicación á limpeza de praias marítimas (vestiario, produtos de limpeza, combustible, etc.), alugueres e cánones, pequenas reparacións e conservación, ou, se fora o caso, cos da externalización da prestación do servizo.

Base 6. Forma e prazo da solicitude

A forma de presentación da solicitude será a que se indica na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

O prazo de presentación de solicitudes determinarase na convocatoria, que se publicará no BOP, por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Os datos persoais facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña, como responsable do tratamento, co fin de levar a cabo a tramitación administrativa dos programas de subvención. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Máis información na [Política de Privacidade](#) da Deputación.

Base 7. Compromisos e obrigas

7.1. Publicidade

O concello comprométese a publicitar a achega provincial e a facer constar o financiamento

da Deputación provincial da Coruña en todas as comunicacións polas que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet. O logotipo da Deputación está dispoñible na web: <https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/logotipos>

Coa conta xustificativa, o concello presentará declaración sobre o cumprimento desta obriga.

Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión

8.1 Criterios de valoración

Os criterios de baremación consisten na valoración da superficie total das praias existentes no termo municipal, segundo os datos facilitados pola Xunta de Galicia (https://experience.arcgis.com/experience/b5625a0f102649f1a44a6d28b9fbbed3/page/page_14/) e a administración estatal (<https://nayadeciudadano.sanidad.gob.es/Splayas/ciudadano/ciudadanoVerZonaAction.do>), e a poboación oficial do concello, segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística (<https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2868>), de acordo coa seguinte táboa:

SUPERFICIE (ata 70 puntos)			POBOACIÓN (ata 30 puntos)		
Desde	Ata	Puntos	Desde	Ata	Puntos
0	5.000	30	0	3.000	23
5.001	10.000	35	3.001	5.000	24
10.001	25.000	40	5.001	10.000	25
25.001	50.000	45	10.001	15.000	26
50.001	100.000	50	15.001	20.000	27
100.001	200.000	55	20.001	25.000	28
200.001	300.000	60	25.001	30.000	29
300.001	400.000	65	Máis de 30.000		30
Máis de 400.000		70			

Os puntos obtidos polos potenciais beneficiarios se corresponderán cunha porcentaxe sobre a achega solicitada, nunha escala que vai dende unha puntuación mínima de 53 puntos, á que lle correspondería un 53%, incrementando un punto porcentual por cada novo punto acadado, ata chegar á puntuación máxima de 100 puntos, á que se lle asignaría un 100%.

Os posibles remanentes ou excesos de financiamento sobre a consignación prevista para este programa corrixiranse aumentando ou diminuindo proporcionalmente os importes inicialmente asignados.

8.2 Procedemento de concesión

O procedemento de concesión destas axudas será o de **concesión provisional e concesión definitiva**, segundo o regulado na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria no caso de existir crédito adecuado e suficiente.

Base 9. Xustificación e pago

9.1 Prazo de xustificación

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva no BOP. O prazo para a xustificación da axuda **rematará 31 de marzo de 2027 ás 14:00 horas**.

9.2 Pago

As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos, que deberán axustarse aos conceptos aprobados na concesión definitiva e que figurarán en cada expediente de solicitude.

As subvencións **de importe superior a 15.000,00 € serán prepagables** e aboaranse do xeito seguinte:

- Aboarase o 50% do importe da subvención, logo da notificación da concesión;
- O 50% restante, ou a cantidade que proceda, aboarase logo da xustificación da subvención, de acordo co establecido nesta convocatoria.
- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta sinalada pola entidade local.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Base 10.- Incumprimentos e sancións

Será de aplicación o disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

ANEXOS DOCUMENTACIÓN

ANEXO I - Documentación da solicitude

DECLARACIÓNS E COMPROMISOS

- A entidade que represento comprométese á utilización da lingua galega en toda a comunicación e produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada.
- A entidade que represento comprométese a empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva; tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e a recabar datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estadísticas, enquisas e formularios.
- A entidade que represento cumpre todos os requisitos esixidos aos solicitantes na lexislación vixente en materia de subvencións, na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña e nas Bases reguladoras da presente convocatoria, e no caso de resultar beneficiaria da subvención comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fidedigna o seu cumprimento no caso de ser requirido pola Deputación.
- A entidade que represento comprométese a dar cumprimento as obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases específicas.
- No caso de que algunha das actividades que desenvolve a entidade implique contacto habitual con menores, a entidade que represento comprométese a comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade sexual.

DOCUMENTACIÓN

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Certificación acreditativa do acordo de solicitude.
- Memoria da solicitude. Conterá todos os aspectos que se valorarán pola Comisión técnica segundo o indicado na base 8 específica: breve descrición do servizo a prestar, forma de prestación (medios propios e/ou externalización da prestación servizo), período de prestación (entre o 1 de abril e o 31 de outubro de 2026) e praias nas que se vai levar a cabo.
- Acreditación da delegación da Alcaldía/Presidencia, no seu caso.

- Informe da Secretaría da entidade local sobre a natureza do posto de traballo, no que se indicará a súa adecuación á lexislación vixente.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

OUTROS DATOS DA SOLICITUDE

- Actividade a realizar por medios propios
- Actividade a realizar externalizando o servizo
- Número de persoas traballadoras
- Meses a traballar na actividade subvencionada

ANEXO II - Documentación xustificación

XUSTIFICACIÓN - DECLARACIÓNS E COMPROMISOS

- A entidade que represento deu cumprimento ás obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases específicas.
- A entidade que represento non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada pola Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.
- Os gastos presentados neste expediente como xustificación da subvención concedida foron debidamente reflectidos, na forma preceptiva, no libro de contabilidade da entidade.
- No caso de que algunha das actividades realizadas implicara contacto habitual con menores, a entidade que represento comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade sexual.
- No caso en que os gastos subvencionables non acaden o importe mínimo a xustificar ou no caso en que a achega provincial, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos gastos executados: A entidade que represento renuncia á parte da achega provincial non xustificada e, no seu caso, acepta o reintegro da cantidade anticipada.
- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: A entidade que represento acepta a sanción que corresponde e consinte en efectuar voluntariamente o pagamento desta mediante compensación no pago da subvención, e non presentará alegacións nin recurso algún ao respecto (Esta declaración suporá unha redución do importe da sanción dun 90%).

XUSTIFICACIÓN - DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Acreditación da delegación da Alcaldía/Presidencia, no seu caso.
- Memoria xustificativa.
- Relación clasificada dos gastos realizados durante o período subvencionado. Este documento deberá descargarse dende a plataforma SUBTEL logo de ter completada na mesma a “Relación de gastos” cos datos dos xustificantes de gasto.
- Relación detallada de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade.
- Proba documental dos medios polos que se lle deu publicidade á subvención concedida.
- Certificación expedida pola persoa a cargo da Secretaría de entidade local na que dea conta da seguinte información:
 - Nome, apelidos e NIF do persoal subvencionado.
 - Tipo de vinculación laboral (funcionario/a, funcionario/a interino/a, persoal laboral fixo ou temporal).
 - Data da toma de posesión ou da formalización de contrato e data de fin do contrato (no seu caso).
 - Tipo de xornada de prestación dos seus servizos (xornada completa, media xornada ou outra)
 - Período no que estivo vinculado á entidade (todo o ano ou outro período).
 - Adecuación á lexislación vixente.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

Primeiro. Beneficiarios

Concellos da provincia da Coruña que posúan praias marítimas.

Segundo. Obxecto

A finalidade deste programa é a concesión de axudas aos concellos da provincia da Coruña, en réxime de concorrência competitiva, para o sostemento dos gastos de limpeza das praias marítimas do seu termo municipal entre o 1 de abril e o 31 de outubro de 2026, considerándose como subvencionables os gastos de contratación de persoal e de adquisición de material fungible necesario para a súa adicación á limpeza das praias marítimas (vestiario, produtos de limpeza, combustible, etc.), ou, se fora o caso, os da externalización da prestación do servizo.

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerase polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

O importe da consignación ascende a un total de 900.000,00 €, con cargo á partida 0520/17222/46201 do orzamento ordinario para 2026. As axudas a conceder oscilarán entre un mínimo de 6.768,00 e un máximo de 33.840,00 €, estando previsto o aboamento anticipado do 50 % das mesmas, nas condicións previstas nas bases reguladoras.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciárase ás 08:00 horas do día 21 de outubro de 2025, e finalizará ás 14:00 horas do día 21 de novembro de 2025, tendo en conta que, tanto as solicitudes coma o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Sexto. Outros datos de interese

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible desde a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>.

CASTELLANO

Primero. Beneficiarios

Ayuntamientos de la provincia de A Coruña que posean playas marítimas.

Segundo. Objeto

La finalidad de este programa es la concesión de ayudas a los ayuntamientos de la provincia de A Coruña, en régimen de concurrencia competitiva, para el sostenimiento de los gastos de limpieza de las playas marítimas de su término municipal durante el período 1 de abril a 31 de octubre del 2026, considerándose como subvencionables los gastos de personal y de adquisición del material fungible necesario para su dedicación a la limpieza de las playas marítimas (vestuario, combustible, etc.), o, si fuera el caso, los de externalización de la prestación del servicio.

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación asciende a un total de 900.000,00 €, con cargo a la partida 0520/17222/46201 del Presupuesto ordinario para 2026. Las ayudas a conceder oscilarán entre un mínimo de 6.768,00 y un máximo de 33.840,00 €, estando previsto el abono anticipado del 50 % de las mismas, en las condiciones previstas en las bases reguladoras.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará a las 08:00 horas del día 21 de octubre de 2025, y finalizará a las 14:00 horas del día 21 de noviembre de 2025, toda vez que, tanto las solicitudes como el resto de la tramitación del programa, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña.

Sexto. Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación Provincial de A Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>.